C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e nove de novembro do ano dous mil trece, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- Dª. Mª Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- Dª. Mª Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- Dª. Carmen Mª Castro González.
- Dª. Mª de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- Dª. Hortensia Mª Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- Dª. Carmen Gloria Fernández Ozores.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- Dª. Hortensia García Díaz
- Dª. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia Mª Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORDINARIA DE 27.09.2013 E EXTRAORDINARIA DE 18.10.2013)

A señora Estévez Alvarez sinala que non ten nada que dicir.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira fai dúas correccións na acta de 27/09/2013: na páxina 32, ela dixo que “non votarán a favor” e na páxina 44, na votación, onde di “votos a favor” debe dicir abstencións”.

Sometida a votación a **acta de 27.09.2013,** coas correccións indicadas, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Rodríguez Amenedo (unha abstención)

Sometida a votación a **acta de 18.10.2013**, foi aprobada por **UNANIMIDADE**: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DE DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

PUNTO 3º.- PROPOSTA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DOS PREGOS E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA CAFETERÍA DA ESTACIÓN MARÍTIMA DA PASAXE.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente para adxudicar a contratación da xestión, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe no Concello de A Guarda, vistos os informes de Secretaría e Intervención

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- A aprobación do expediente de contratación, así como do Prego de cláusulas administrativas-técnicas para adxudicar a contratación da xestión, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe no Concello de A Guarda, cunha duración de 15 anos.

2.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto, e ordenar a publicación dos anuncios correspodentes no BOP e no DOGA."

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, están a favor de que a cafetería sexa adxudicada, pero as bases deberían ser mellores: en relación coa apertura da garantía, deberían asegurar nos primeiros anos que non se cobra o cumprimento da proposición polo adxudicatario; que se fixera tamén cargo o adxudicatario de gastos de luz, auga e lixo; nas causas de resolución, que figurara que a falta de pago, se non o paga nos tres primeiros meses, para evitar o que sucedeu coa anterior adxudicataria; en canto ás labores de carga e descarga, habilitar un area axeitada e que se cumpra a normativa; non están de acordo coa tipificación das faltas graves e moi graves.Debería aparecer nas bases e no contrato a zona de almacenaxe de productos gaseosos.

O señor Lomba Alonso di que se van abster, deixa claro que non están de acordo con este modelo, pois defenden a xestión directa.

O señor Fontenla Marínez di que se van abster, para permitir que saia adiante, os pregos son máis ou menos mellorables, e será responsabilidade do equipo de goberno levalos ó seu fin.

O señor Español Otero agradece a brevidade das intervencións, e sinala que non acabou de "*pescar*" os motivos da señora Estévez Álvarez, se ben aclara que a inspección dos productos gaseosos a ten que pasar, e o resto de observacións as fixo con moita rapidez e non cre que sexan suficiente para votar en contra. Agradece a postura dos outros dous grupos, e esperar que haxa interesados, se fará o posible para que así sexa.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

PUNTO 4º.- PROPOSTA ALCALDÍA PARA A DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO DA FESTA DA LANGOSTA E DA COCIÑA MARIÑEIRA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a memoria da Concelleira de Turismo en relación coa declaración de festa de interese turístico da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira,e de acordo co establecido no DECRETO 39/2001, de 1 de febrero, de refundición en materia de Consello Gallego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico, e de acordo co disposto

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

Solicitar da Xunta de Galicia a declaración de festa de interese turístico da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira do Concello da Guarda, remitindo o presente acordo e a documentación necesaria á Consellería competente en materia de Turismo."

A señora Estévez Álvarez di que está a favor de promocionar e potenciar a actividade económica e laboral da localidade, votarán a favor.

O señor Lomba Alonso di que apoiarán a proposta, esperan que se consiga esta declaración, con independencia das melloras da festa ou de discutir o modelo da mesma, o importante é ter un referente e un reclamo.

A señora Iglesias Ferreira di que, entendendo que se da cumprimento ó disposto na norma mencionada, será importante conseguilo, e votarán a favor.

A señora Magallanes Álvarez agradece ós tres grupos o seu apoio, e di que este é o punto de partida, se remitirá á Xunta con toda a documentación, e resalta que se fai para poñer en valor o noso pobo, a través da gastronomía, recoñecendo a labor dos restaurantes da vila. Explica que as liñas de subvención o requiren, e que todos os eventos son de interese para o sector hosteleiro, e redundan no ámbito laboral, potenciando o Concello.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO 5º . PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2012.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

”PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha vez exposta a Conta Xeral do ano 2012 ó público por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, non foron presentadas reclamacións reparos ou observacións contra a mesma, a Conta Xeral se somete ó Pleno da Corporación para ser aprobada e así ser rendida ó Consello de Contas , tal e como se preceptúa no artígo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004 del 5 de Marzo)”

A señora Estévez Álvarez di que mantén o voto negativo anterior.

O señor Lomba Alonso di que nada cambiou dende o último Pleno, e votarán en contra.

A señora Iglesias Ferreira di que están á espera da declaración do equipo de goberno.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que o 18 de outubro se trouxo a Pleno a Conta Xeral, e a súa intervención foi unha contestación ás previas intervencións dos grupos.Di que faltou explicar o que significa a aprobación da Conta Xeral, que non supón estar de acordo co contido ou actuacións reflectidas nela, supón que esa é a Conta Xeral e resulta necesario aprobala para o control externo do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, xunto cao fiscalización interna da Intervención municipal. Non aprobala supón opoñerse a esa fiscalización externa, e se trae de novo para poder remitila. Fai referencia ó escrito remitido polo Consello de Contas, onde sinala que a aprobación é esencial, é prioritario, para a concesión de subvencións e transferencias. Non presentar a liquidación no prazo supón que a participación nos ingresos do Estado non chega ós Concellos, se ben non é o caso do Concello da Guarda. Insiste en que debe posibilitarse o control externo do Consello de Contas e do

Tribunal de Contas. Sinala que non foi esta concelleira a que chamou á prensa, ela recibiu unha chamada e contestou, e pide desculpas por se froito da intensidade do Pleno dixo algunha palabra desafortunada, por non entender a postura da oposición, pensaba que quedara claro, tanto na Comisión de Contas como polas aclaracións da interventora, o significado da aprobación da Conta Xeral, que é permitir o seu control externo.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que cren que o que pasou no Pleno anterior non foi un acto de irresponsabilidade, pois o asunto foi tratado na Comisión de Contas e no propio pleno doutra forma, na intervención da concelleira de facenda non se pediu apoio para aprobar a Conta Xeral, e eles non comparten a xestión levada a cabo polo equipo de goberno, nin tampouco o fai a interventora no seu informe. Aceptan as desculpas da concelleira, pois o talante non foi apropiado, en un acto de responsabilidade do PP, non serán impedimento para a aprobación da Conta Xeral.

O señor Lomba Alonso quere aclarar que el non sabe quen chamou á prensa, pero o que leron foi cargar a responsabilidade sobre a oposición, pensa que na procura de acadar acordos hai que facer méritos, e o equipo de goberno mandou as contas sen aprobar, o que é unha irresponsabilidade, e lle sorprende que se o escrito do Consello de Contas chegou o día 22, a eles lles chega o día 25. Manteñen o seu voto.

O señor Español Otero intervén como Presidente da Comisión de Asuntos Plenarios, e agradece ó PP a súa posición. El anunciou que a concelleira de facenda pediría desculpas por unha situación de tensión, polo perxuicio que suporía non ter a Conta aprobada. Reitera o seu agradecemento ó PP pola responsabilidade que acaba de manifestar. Diríxese ó señor Lomba Alonso e di que malamente se poden mandar as contas aprobadas se non están aprobadas, pero teñen que rendir o resultado da votación, entenden que era o que se tiña que mandar. Non poden presentar outras contas, as contas son as que son. Pode ser que o discurso do Pleno fora máis propio dun orzamento que dunha Conta xeral, pero non se podía esperar, tiñan que responder ás intervencións dos grupos. Presentan as contas que teñen, é razoable que non se comparta, pero sabendo o que sucede se non se aproban. Recorda a intervención do voceiro do BNG no Pleno de 27 de xullo de 2007, cando o GMS trouxo a Pleno unhas contas que non eran súa, e o señor Lomba Alonso dixo que sabía u que supon non aprobalas e non puxo impedimentos para que así fora, non entenden que se naquel momento era consciente da importancia desa aprobación, que agora se varíe o discurso tan radicalmente, pois se trata dunha aprobación para a súa rendición.

O señor Lomba Alonso di que o que ocorreu en 2007 pouco ten que ver con hoxe. En 2007 se viña dunha parálise no Concello, e se lle deu un voto de confianza ó equipo de goberno que acababa de chegar, pero levan anos con contas e orzamentos e se detectan as mesmas deficiencias, e o BNG ven denunciando. Insiste en que non é a mesma situación e non van aprobalas. Por iso fala de irresponsabilidade.

O señor Español Otero di que non están a xulgar cómo o fixo o equipo de goberno, senón que se remita a quen ten que fiscalizalas, recordando que en conversas co Consello de Contas lle din que nunca se lles dera este caso.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

PUNTO 6º.-DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE Ó 3º TRIMESTRE DE 2013.

O señor Alcalde da conta do Informe Morosidade 3º Trimestre 2013.

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 7º.- MOCIÓNS.

- *RE nº 5595 de Converxencia Galega: Non o co-pago sanitario hospitalario*.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"NON O COPAGO SANITARIO HOSPITALARIO

No paquete de medidas fiscais e de aforro do Goberno, cada vez son maís os que sufren as consecuencias de esta recesión que non deixa de crecer e deixa de lado os que menos teñen. As familias mais necesitadas, máis desestructuradas xa venen soufrindo dende fai tempo as consecuencias dunhas serie medidas que se están levando por diante a clase media e deixando cada vez máis, máis marxinados "como efectos colaterais" dos seus efectos.

O sistema actual, conleva que se teñan que tomar medidas para os servicios de axuda no fogar, e demais áreas sociais teñan que levarse unha parte dos presupostos municipais, namentras os aportes das Administracións, Central Autonómica e Provincial cada vez se reducen máis.

Neste momento, os efectos co nesta medida que entrará en vigor a principios do ano, sobre un grupo de medicamentos que se dispensan nos hospitais a pacientes crónicos, están reflexando no co-pago sanitario-hospitalario, carga que será especialmente duro para estes enfermos que perciben pensións mínimas. Según o publicado no B.O.E. tódolos medicamentos estarán suxeitos a un copago máximo do 10% do séu precio, cún tope máximo de 4,20 euros por envase. ¿Cantos medicamentos toman os enfermos crónicos?

Pero é máis, a medida, tamén afectará no caso das prótesis, así como tamén no pago compartido do transporte sanitario non urxente, o cal afectará aos enfermos que acuden a diálisis, quimioterapia ou rehabilitación.

En moitas situacións, irnos atopar enfermos que eos séus escasos recursos, non van poder adquirilos o que conlevará que baixe a súa calidade de vida, e nalgúns casos, con complicacións tanhto para eles como para as súa familias.

Diante desta situación, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a proponer ao Pleno do Concello de A Guarda a seguinte MOCIÓN:

1º).- Creación dunha Partida Presupostaria suficiente cara o ano 2.014, por medio da cal o Concello poida colaborar con aqueles vecinos que aqueixados de enfermedades crónicas e que se encentren en situación de risco, por falta de recursos para acceder a súas medicinas.

2º).- Elaboración de xeito urxente dunha Ordenanza Municipal que regule este tipo de prestación municipal"

A señora García Díaz di que o BNG ten presentada neste Pleno unha moción sobre este asunto, pois son partidarios dunha sanidade pública, universal e gratuita, e queren que se paralice esta resolución, polo que piden que se engadan os puntos contidos na moción do BNG nos que piden a derogación.

A señora Estévez Álvarez pide que se vote a súa moción, cren que non ten que ver co que pide o BNG, os tres grupos levan mocións sobre isto, cada un dende o seu punto de vista.

A señora García Díaz di que a moción pide que o Concello se faga cargo, e o BNG pide que se derogue ese copago. Di que quere pensar que os servizos sociais xa contemplan as necesidades urxentes, e se Converxencia Galega engade os puntos da moción do BNG votarán a favor, e en caso contrario, a moción parécelles insuficiente.

O señor Alcalde di que entende que Converxencia Galega non atende á petición do BNG.

O señor Fontenla Martínez di que mentras non entre en servicio non poden votar, polo que se van abster.

A señora Magallanes Álvarez di que asistencia sanitaria gratuita e de calidade é un dereito fundamental, os Concellos tratan de xeito puntual situacións de emerxencia social ou dificultades económicas, pero o problema se ocasiona por unha medida do Goberno central que aplica a Xunta, e no Concello están na obriga, ante unha situación tan inxusta, non de adoptar medidas que supoñan un parche,senón eliminar o problema de raiz, que será a non aplicación da resolución pola Xunta e instar a retirada polo Estado. Non apoiarán a moción.

A señora Estévez Álvarez di que dende Converxencia Galega están de acordo en que se elimine, pero son conscientes de que o goberno non vai dar marcha atrás.

O señor Español Otero di que o argumentario da moción é irrebatible, pero o que se pide no apartado resolutivo é que o Concello da Guarda vexa máis mermadas a súas arcas, que se habiliten cartos para isto, o que suporía un copago a levar a cabo por todos os cidadáns.Explica que hai unha partida de emerxencia social, pero non poden pedirlles que

sexan cómplices dunha medida, o razoamento de que o Estado non da marcha atrás non lles vale, pídelle que non a leven adiante, pero a moción é a todas luces fora de lugar, é infumable e non ten sentido.

Sometida a votación a proposta acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso e García Díaz (dez votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

A moción non prospera.

- ***RE nº 5652 de Converxencia Galega.***

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"Co *REXISTRO DE ENTRADA 1470 do 16.03.2012* quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz do Grupo Municipal de CONVERXENCIA GALEGA, presentou unha MOCIÓN, que textualmente decía o seguinte:

Dende fai meses centos de aaleaos/as estánse movilizando o coñecer a realidade dalaúns productos que estaban comercializando as entidades bancarias, fundamentalmente as caixas de aforro, que se ponían no mercado con bastante opacidade dado o risco que enxendraban.

Nestes días, os Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego venen de ponerse dacordo para instar a Xunta de Galicia a promover solucións para os case 100.000 aaleaos atrapados nesta maraña financieira. fundamentalmente nagüelas que logo viñeron a dar no Nova Galicia-Banco, buscando alternativas para que poidon recuperar o diñeiro depositado.

Asimesmo, tamén de maneira conxunta instan ao Banco de España e a Comisión Nacional de Valores a dar as autorizacións necesarias as entidades bancarias para facilitar esas medidas que ofrezgn unha solución que signifique a "recuperación íntegra da inversión"

Por todo o exposto:

Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN.

O Concello de A Guarda, en solidariedade eos vecinos afectados polas "preferentes" e namentras as administracións e as entidades financieiras implicadas, retira de maneira

inmediata as contas bancarias ata que den unha solución axeitada a este problema.

O Concello de A Guarda, solicitará a Mancomunidade de Concellos do Baixo Miño para que ela mesma e os concellos membros asuman a mesma medida.

Tanto na Comisión de Asuntos Plenarios como denantes do Pleno, se propuso a súa retirada en aras de unha MOCIÓN CONXUNTA sobre o mesmo tema a cal foi aprobada por unanimidade, xa que algúns Portavoces, plantexaron a "legalidade" ou non da mesma.

Tendo en conta, que nestes momentos, aqueles que tiñan dúbidas sobre a proposta, xa o teñen claro, pois están presentando e apoiando esta proposta noutras localidades, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar de novo a mesma MOCIÓN para o vindeiro Pleno.

A Guarda, a 16 de Octubro do 2.013"

O señor Lomba Alonso di que non acaba de entender a moción, pois hai alusións a algúns concelleiros, e pregunta de qué voceiros se fala e de qué ilegalidade.

A señora Estévez Álvarez di que a moción se trouxo a outro Pleno e algún discutía sobre se era legal ou non, e agora volven a traela porque noutros Concellos xa o están facendo.

O señor Lomba Alonso di que esta moción tal e como está redactada imposibilita o funcionamento dos veciños, e da lectura ó apartado resolutivo. Pregunta a qué entidades se refire, e a qué entidades bancarias se van ir os cartos para que os veciños poidan funcionar. Outra cousa é que queiramos ir a por algúns. Entende o espírito da moción, en relación con Novagalicia Banco. Di que a Xunta ten competencias nesa entidade, se vai a instar a que a Xunta a exercer as competencias que ten sobre tal entidade, para que os afectados polas preferentes poidan recuperar a totalidade dos seus aforros. O BNG considera que é o único instrumento para poder garantir que os afectados poidan recibir eses cartos. Di que esta moción inviabiliza o Concello e se van abster.

(Sae o señor Lomba Baz, 20:55 horas).

A señora Iglesias Ferreira di que, na mesma liña que o BNG, non entenden a moción, é un tema xa debatido e comparten os argumentos do BNG.

(Regresa o señor Lomba Baz, 20:56 horas).

O señor Español Otero di que non entenden nada, pero saben que non é culpa da señora E stévez Álvarez, pois quen redactou a moción non quería que se entendera. Di que a xente é máis responsable, a xente pensa, incluso os "preferentistas". Se retiran as contas, non habería sitio para facer cobros e pagos, non entra en se se tratara dunha determinada entidade bancaria, se lle houberan posto nome. Sinala que hai unha moción que van apoiar que pide que Novagalicia Banco non se venda, pero esta moción, tal e como está redactada, non a van apoiar.

Sometida a votación a proposta acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

A moción non prospera.

- ***RE nº 5679 de Converxencia Galega: Plan de Emprego Local.***

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"MOCION "Plan de emprego local"

EXPON:

Dado que seguimos nestes momentos na Guarda con mais de 900 parados anotados na larga lista do INEM, e que nos presentamos unha moción o 18 de novembro do 2012 donde pedíamos que se elaborara "un plan de emprego local" para buscarlle unha solución a estas persoas que algunha délas están a pasar un mal momento xa que non teñen prestacións de desemprego e sen axudas. Nos deixamos esta moción enriba da mesa a espera do informe correspondente.

O informe esta emitido o dia 20 de decembro do 2012, e según palabras textuales da Secretaria ñas súas conclusións "Tendo en conta o anteriormente exposto, e a xuizo desta Secretaria, para poner en marcha un Plan de Emprego a nivel municipal se require, como trámite previo e esencial, disponer de partida orzamentaria suficiente para facer fronte á súa financiación ou ben lévalo a cabo con cargo a algunha das subvencións ou programas convocados po outras Administracións Públicas..."ver informe adjunto.

E o Señor Alcade José M. Domínguez Freítas salía no Faro de Vígo con titular "Un Plan Municipal impulsará el empleo y la formación en A Guarda" el dia 14 de marzo do 2013.

Por lo que CONVERXENCIA GALEGA, Solicita ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

1. A elaboración dun PLAN de EMPREGO LOCAL para os vecinos en situación de desemprego. Especialmente dirixido a desempregados de larga duración, as familias con tódolos membros en paro e as persoas que non cobran subsidios nin axudas.
2. Que o Concello xestione un fondo para o mesmo, xa sexan por recursos propios, de subvencións da Xunta de Galicia, Deputación, Unión Europea ou otras entidades."

A señora García Díaz di que están a favor de que se faga un Plan de Emprego, votarán a favor.

A señor Iglesias Ferreira di que unha das conclusións do informe é que se require unha partida orzamentaria, e agora non existe, hai outras fórmulas. E se hai partida, o apoiarían.

O señor Español Otero di que o mellor plan de emprego dun Concello é manter o emprego, no Concello se fixo un esforzo importante en manter o emprego neste Concello, non se amortizaron prazas. Se mantén o emprego coan programas polos que recentemente contrataton 31 persoas, o equipo de goberno participa en todos os Plans para contratación de persoal, e agora mesmo deben facer aportación, para complementar as retribucións ata a contía que marca o convenio colectivo. Existen tamén becarios, alguns deles cunha duración de mais de seis meses. Di que é certo o que publicou a prensa, o señor Alcalde dixo que trataría de poñer en marcha un Plan de Emprego, pero non é menos certo que se deron unha serie de circunstancias, pois o goberno central e o Ministro Montoro sacaron un Decreto según o que os Concellos non poden facer contratacións laborais, aínda que o Cocello está facendo noutras instancias. Explica que primeiro habería que formalizalo, e pedir informes par cada proceso de selección. Agora están coartados, non é posible a contratación temporal. O Concello ten que adicar 50.000 euros ó ano para manter o GES, poderían ir destinados ó Plan de Emprego, e tiveron que decidir se quedaban ou non con operativo de emerxencias.Os recursos se limitaron, o informe do Concello da Guarda foi negativo, pero o Concello se adheriu ó convenio. Faise difícil dotar esa partida, teñen a esperanza de que pola boa xestión dalgunha área deste Concello se van aforrar 60.000 euros de pago a SOGAMA, 1000 toneladas respecto ó ano pasado. Poderían destinarse a otros fins, pero se foi ó traste polo acontecido nos últimos tempos. Están nunha situación complicada, o plan de emprego é complexo, debe haber dotación, e por responsabilidade, hai imposibilidade de dotalo.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra).

- ***RE nº 5835 de Converxencia Galega: Non o incremento da couta polo canon de SOGAMA.***

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"NON O INCREMENTO DA CUOTA POLO CANON DE SOGAMA

O longo do ano, viñemos escoltando e lendo nos medios de comunicación os "axustes" nos distintos servicios que a Administración Autonómica tina previsto incrementar cara o vindeiro ano 2.014, que unha vez máis van repercutir sobre as mermadas economías familiares.

Agora tócalle ao lixo, e neste caso, a un monopolio constituido pola Xunta e Fenosa, que pasará a cobrarlle aos séus clientes (os concellos) sen contar I.V.E. a 74,64€ por tonelada de residuo urbano, 18,95€ máis que no momento actual, o que significa un incremento do 34%

Tendo en conta, que diversos concellos, xa teñen anunciado que é unha decisión firme o non trasladar o recibo doméstico o incremento do precio, aos vecinos, para que a situación non se siga agravando e perxudicando cada vez máis aos que menos teñen.

De ser certo tódala información que se está coñecendo nestes momentos, SOGAMA terá perdas este ano, pero xa se anuncia que para o vindeiro ano (2.014) séus beneficios superarán os SEIS MILLONS (6.000.000€) EUROS, polo que o desfase económico, pode ser amortizado en varios anos reducindo os beneficios anuais.

Por todo elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación si procede a seguinte MOCIÓN:

1º).- O Concello de A Guarda, manifestará o séu rechazo o incremento que se anuncia cara o ano 2.014 por parte de SOGAMA que vai a incidir negativamente na economía local.

2º).- O Concello de A Guarda, acorda non trasladar ao recibo doméstico o incremento de precios na recollida de lixo para que non se siga deteriorando a situación económica e social da maioría da poboación que xa está sufrindo outros incrementos de diversos servicios básicos das distintas administración e/ou empresas privadas."

O señor Lomba Alonso di que eles teñen unha moción que máis alá, van a votar a favor. Di que o modelo SOGAMA está fracasado, se basea en crer un negocio, non en prestar un servizo, xa algo se ten conseguido, hai un retraso ata o mes de xullo. Pensa que entre todos, sen fisuras deberían conseguir cambiar de modelo, un modelo de reciclaxe e de aproveitamento, e non afincado nun negocio, no que se hai menos residuos hai menos cartos.Non cren no modelo de incineracion, que está penado con taxas noutros paises.

A señora Iglesias Ferreira quere manifestar o rexeitamento do incremento, e que non se traslade o incremento ó recibo, apoian a moción, pois é un "*chollo",* co bipartito o presidente de SOGAMA tiña un soldo e hoxe en día percibe a metade, e se eliminaron privilexios.

O señor Español Otero di que non van aprobar a moción, teñen unha sobre o mesmo asunto, pero non poden aprobala: o Concello xa manifestou o seu rexeitamento, e o retraso no inicio é insuficiente. Di que no segundo punto da moción, xa o fixeron, unha vez empecen a aplicalo o Concello xa trasladou o recibo. Pensa que algún servizo terán que recortar para pagar eses 74.000 euros. Aquí non se fabrica o diñeiro, o importe está repercutido, e se refire ó que valeu o esforzo do Concello, pois están por riba de calqueira proxecto ambicioso da Deputación, así se lles paga o bo facer. Di que iso xa está pasado, o recibo xa está repercutido, e terán que ver de onde saen os 75.000 euros para pagar a SOGAMA. Sinala que o argumentario da moción é impecable, pero non poden estar de acordó co apartado resolutivo.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra).

- RE nº 5837 de Converxencia Galega: creación de un censo de camiños e acesos a vivendas.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, Portavoz do grupo Municipal de CONVERXENCIA GALEGA, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización das Entidades Locáis e demais normativa, presenta o Pleno da Corporación o debate de una moción sobre a ***creación de un censo de caminos e acesos a vivendas*** para priorizar o seu acondicionamento e asfaltado de todos eles.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de A Guarda conta aínda na actualidade, con moitos caminos e acesos a vivendas no rural que non teñen garantido para a chegada de calquera vehículo, mesmo de emerxencias.

Este Concello ten diversos barrios extendidos polo Rural cunha Poboación que supera o 40% do total, e na maioría dos casos, se procede a asfaltar e/ou encementar os viais según criterios que non se axustan as necesidades xerais.

Desde CONVERXENCIA GALEGA vemos como transcorre o tempo e os acesos a certas vivendas non esta garantido para calquera servicio básico diario.

Vemos como se priorizan moitas veces en obras que poden esperar polo que é necesario facer un censo de todos estes acesos as vivendas e así priorizar e facer un plan de inversións para realizar os mesmos. Non queremos dicir uns si e outros non, senón marcar prioridades e despois de escomenzalos, rematar os mesmos, e non facer como nalgúns sitios en que se arranxa o camino despois de instalar alcantarillados ou acometidas e anos despois, siguen sen asfaltar.

Hai barrios e lugares donde varias vivendas levan anos esperando promesas de asfalto do mesmo, e se ten dada a situación en que vecinos enfermos tiveron que trasladarse a vivendas de familiares e algúns a residencias por que non teñen aceso de ambulancia nin de vehículos de emerxencia.

Creemos que é necesaria que neste censo participe persoal dos servicios sociais de este Concello para que informen a Concellería de Vías e Obras das Urxencias que teñan constancia por problemas de mobilidade e/ou asistencia de servicios especiáis etc.,

Desde CONVERXENCIA GALEGA entendemos que non e cuestión solo de ter cartos o concello senón que se debe coordinar mellor e priorizar os medios existentes.

Polo que proponemos o Pleno os seguintes ACORDOS:

1º. Que a través dos técnicos da Oficina de Urbanismo se leve a cabo un censo de todos os accesos que na actualidade están sen encementar e/ou sen asfaltar.

2º. Que conforme salgan programas de arranxo de caminos por parte doutras administracións se realicen ditos accesos sempre priorizando os de maior necesidade, e en tódolos casos, se teñan en conta os informes do persoal de Servicios Sociais sobre as necesidades dos mesmos.

3º.- Que a Concellalía de Vías e Obras, se faga un Plan de Actuación, sinalando e tendo en conta as prioridades dos arranxos dos caminos.

A Guarda a 25 de Octubro do 2.013"

O señor Lomba Alonso pregunta se poden crear un censo,pois sabe que hai un inventario de camiños, para saber se son públicos ou privados.. Pide ós concelleiros e ó señor Alcalde que arranxen algún camiños, pero o de crear un censo non lle ve sentido, o que hai que facer é traballar, pois igual se priorizaron cousas e se deixaron cousas importantes por facer, pero non acaba de comprender a moción, calqueira plan debe ser aproveitado.

A señora Iglesias Ferreira di que se trata dunha moción ambigua, agradecería ó concelleiro correspondente que explique se existe un inventario. Entende que se terán en conta subvencións para arranxalos e fai referencia a que ela fixo una denuncia neste sentido nas redes sociais é ós poucos días se arranxou. Apela á responsabilidade na elección de prioridades de actuación.

O señor Español Otero di que a quen lle toca decidir as prioridades é a quen goberna, e quixera que a voceira de Converxencia Galega lle dixera cales son eses camiños, que lle diga un deles, contestando a señora Estévez Álvarez que están os técnicos, que teñen que facer ese inventario, e se refire a un camino que está por riba das Carmelitas, á entrada de Buxán.

O señor Español Otero di que iso non é Buxán, é o Primeiro Transversal Curráse que non tivo que facer moitos esforzos para acadar esa contestación por parte da señora Estévez Álvarez, pois sabe que o motivo desta moción é por una casa concreta, e estas cousas se din doutra forma. Explica que hai un principio, que é dotalas primeiro de servicios por debaixo e logo cementar, e en relación con ese camino, cando se fixo esa vivenda se podía facer así. Di que con peor ou mellor criterio procuran facelo, eles queren volver a gañar as eleccións, e que a xente recoñeza a súa labor. Di que ese camino non reúne a anchura, e se os lindeiros ceden para retranquear, podería integrarse no vindeiro plan provincial, aínda que deberían valorar se merece a pena para unha soa vivenda. Di que os responsables están sendo eles, en contra da irresponsabilidade que se manifesta con esta moción.

A señora Estévez Álvarez pide que se faga un listado de camiños, contestando o señor Español Otero que xa o ten feito, e o Concello ten un inventario dos camiños públicos, e hai algúns de dubidosa titularidade.

Sometida a votación a proposta acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

A moción non prospera.

- RE nº 6001 do BNG: Moción para eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

(Saen os señores Español Otero e Rodríguez González, 21:35 horas)

"**MOCIÓN PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA**

1-Exposición de motivos:

O pasado mes de setembro o gobernó do Estado estabeleceu unha modificación ñas condicións de financiamento de medicamentos incluidos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supon un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supon unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un gobernó que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caíxa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarías, da clase traballadora,

para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solícita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derrogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se estabelece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.

3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado."

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que non comparten parte deste argumentario.

A señora Magallanes Álvarez di que votarán a favor.

(Regresa o señor Rodríguez González, 21:37 horas).

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

- RE nº 6040 do BNG: Moción diante do 25 de novembro de 2013, día da non violencia contra as mulleres, e contra os recortes na protección das vitimas de violencia de xénero.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

(Regresa o señor Español Otero e sae a señora Vicente Santiago, 21:40 horas)

"MOCIÓN DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2013. DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas é poner os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas.

Na Galiza, desde 2009 redúcense cada ano as denuncias en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, a 4.788 en 2012. Así, a porcentaxe de denuncias presentadas porcada 10.000 mulleres en Galiza sitúase no 33.29%, a segunda cifra máis baixa do Estado español, só superada por Castela-León co 32.16%, sen que esta redución se poida achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega mais ao contrario, ten a súa orixe ñas dificultades económicas que sofren con maior incidencia as mulleres.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos proceses xudiciais á garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Continúan sen se desenvolver medidas previstas na Leí 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas, unha atención fundamental para construir a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar as mulleres que deciden dar o paso. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que "a crise supon un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saíren adiante" sorprende que o gobernó galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto e non aplique con dilixencia as leis vixentes.

Moitos concellos foron pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a viviren sen violencia.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1- A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.

2- A Corporación municipal insta ao Goberno galego a facer efectiva a Lei galega para a prevención e o iratamento da violencia de xénero e deste modo:

- Mellorar as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, para o que compre estabelecer uns baremos de renda idénticos aos que se recollían ñas convocatorias anteriores a 2011, eliminar a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas no artigo e garantir que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano, fixar un prazo máximo de 30 días para a resolución e pago efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude. Dada a situación de crise económica que viven as mulleres galegas, é preciso, asemade, ampliar a duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

- Presentar perante o Parlamento un estudo e valoración desta axuda económica durante os sete anos da súa aplicación.

- Dar cumprimento ao contido do artigo 25 que recollece a necesidade de integrar a "Atención psicolóxica" como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada ñas áreas sanitarias.

- Implantar, tal como recolle o artigo 27 da lei, a través do departamento competente no ámbito sanitario un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero.

- Dar cumprimento, de xeito prioritario, ao artigo 35 de "Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego" garantindo que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao estabelecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal e na empregabilidade en xeral.

- Garantir o cumprimento dunha "Atención xurídica" axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero. Garantirase que as persoas profesionais que presten estes servizos terán unha formación específica en materia de violencia contra as mulleres como requisito para o exercicio desta atención.

3- A Corporación municipal insta ao Gobernó Galego a demandar de xeito efectivo do goberno do estado a creación dos xulgados específicos de Violencia de xénero ñas cidades galegas que a día de hoxe aínda carecen deles."

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo en que nos 365 días do ano se empreguen medidas contra a violencia de xénero, pero hai cousas do apartado resolutivo que non son capaces de entender, polo que se van abster.

A señora Iglesias Ferreira di que rexeitan e condean a violencia de xénero, e demandan da Xunta que se poña en funcionamento o centro de recuperación integral de mulleres víctimas de violencia de xénero, se ben comparten algunas cousas da moción e outras non.

A señora Magallanes Álvarez di que votarán a favor, teñen una moción neste sentido. En relación coa implantación aquí, hai que seguir traballando, coa nova Lei de racionalización pode estar en vías de desaparición.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso e García Díaz (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Fernández Ozores e Estévez Álvarez (seis abstencións).

(Regresa a señora Vicente Santiago, 21:45 horas).

- RE nº 6088 do GMS: Moción para rexeitar o novo repago para fármacos que se dispensan nos hospitais de maniera ambulatoria.

A señora Magallanes Álvarez da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE A GUARDA PARA REXEITAR O NOVO REPAGO PARA FÁRMACOS QUE SE DISPENSAN NOS HOSPITAIS DE MANEIRA AMBULATORIA.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de A GUARDA desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a posta en marcha, no ano 2012, do Real Decreto - Leí 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes mal chamado para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, moitos foron os pasos dados pola administración en contra dos dereitos dos doentes, incluso dos máis graves.

Unha das medidas máis importantes é a obrigatoriedade de cofinanciar unha parte do custo dos medicamentos por parte dos pensionistas, que pasaron de non pagar polos medicamentos a pagar entre o 10% e o 20% en función da súa renda.

Á introdución do repagamento temos que engadirlle a exclusión de máis de 400 fármacos da lista de medicamentos financiados, os cales dende entón multiplicaron o seu custo. Ambas medidas sumadas están rompendo o equilibrio das economías máis fráxiles, dun xeito moi especial dos xubilados e xubiladas coas pensións máis baixas.

Non debemos esquecer que os salarios e as pensións en Galicia son dos máis baixos do Estado, polo que esta medida, sumada a outras tamén antisociais que xa se teñen aplicado pola dereita, tanto polo Gobernó de Rajoy como polo Gobernó de Feijóo, cunha nefasta xestión e complicidade que ambos comparten con políticas en común contra a igualdade de oportunidades e os servizos públicos, que están a deteriorar a calidade de vida e a empeorar as desigualdades sociais.

Os Concellos galegos son dos que teñen mais poboación envellecida. E polo tanto máis pensionistas e máis enfermos crónicos, que é a poboación máis afectada porque é a que consume máis medicamentos. Pensionistas que ademáis do repago dos medicamentos teñen que facer fronte ás subidas do IVE, as subidas de IRPF, da auga, do transporte... con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Estamos comprobando que esta medida do repago non reduciu o gasto farmacéutico, senón que aumentou o gasto das economías dos enfermos, dos pensionistas e dos cidadáns. E dada a situación económica das familias estanse a dar xa casos de persoas que non recollen os medicamentos despois de ser receitados polo médico por falta de recursos económicos.

Pero se as medidas impostas ata agora traía publicación do Real Decreto eran inasumibles, os sucesivos recortes e repagos que van aparecendo co desenrolo do mesmo aínda están complicando máis as cousas.

Recentemente publicábase no Boletín Oficial do Estado, o 19 de setembro, a Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia, pola que:

- Se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Salud mediante a asignación de achega do usuario, en desenrolo do Real decreto-lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.

Con esta publicación, feita por certo sen notificación ou información previa do Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade, o Gobernó evitaba a súa pubücidade tratando de soslaiar a reacción adversa dos profesionais da sanidade, dos pacientes afectados e das súas familias, presentándoo así como un feito consumado.

Este Decreto vén de modificar tamén as condicións do financiamento dos medicamentos incluidos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais ao implantar o repago por parte das persoas usuarias.

O goberno do PP chámalle a isto aportación reducida, pero é unha mentira máis, xa que se trata de pagar o 10% do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria ata 4,20 euros por cada envase e por cada medicamento, non en total, o que supon que o que está máis enfermo é o que máis paga, nun contexto de crise e perda de recursos para a cidadanía. En definitiva, outro novo imposto.

A inxustiza e a crueldade destas medidas vén dada polo feito de que vai ser aplicada aos pacientes mais graves e a moitos enfermos crónicos que van ter que empezar a pagar por ese

tipo de medicación.

A ministra, Sra. Mato acorda por medio desa medida imponer o repago de 157 presentacións farmacolóxicas duns 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e cronicidade tales como o cancro de mama avanzado, o cancro de ril avanzado, o tratamento de diversos tumores cerebrais, a leucemia mieloide crónica, a artrite reumatoide, a dexeneración macular ou a hepatite C Crónica, entre outros.

Ante esta circunstancia, moitas foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores os que elevaron a súa protesta á administración. De igual maneira o fixeron algunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias ou País Vasco, que amosaron a súa incomprensión ante unha medida tan ineficaz como inxusta.

En Galicia, o señor Feijóo xa ten anunciado que as vai comezar a aplicar no mes de xaneiro, sen ningún cuestionamento nin oposición, aínda sabendo o prexudicial que é para os pacientes máis graves e o pouco efectiva que vai ser dende o punto de vista económico.

Esta medida, que introduce outro repago mediante un novo imposto aos máis enfermos e aos máis débiles, supon un quebranto para a saúde pública que se deriva de cobrar tratamentos en situacións de risco para a vida humana,

Un dereito como é o da saúde non pode convertirse nun privilexio.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de A GUARDA propon na seguinte **MOCIÓN:**

1ª.- Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON aplicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenzas crónicas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Gobernó central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia.

7 de novembro de 2013”

A señora Magallanes Álvarez di que estas medidas a partir do un de xaneiro recaen en enfermos crónicos e graves, tanto en persoas activas como en pensionistas, se trata dunha medida inxusta, e a rexeitan.

(Sae o señor González Verde, 21:46 horas).

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora García Díaz di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que manteñen a súa postura.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González , Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e Fernández Ozores (cinco abstencións).

- RE nº 6089 do GMS: Moción para instar á Xunta de Galicia a desistir da pretensión da suba do canon polo trtamento do lixo na planta de SOGAMA.

O señor Español Otero da conta da seguinte moción:

(Regresa o señor González Verde, 21:48 horas).

"O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE de A Guarda, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a **"INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA)",** con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta de Galicia, e en concreto na Disposición Adicional 21ª, Dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE.

Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE, co cal, de aprobarse definitivamente a pretensión da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.

Xustifica a Xunta este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valorización enerxética dos residuos (incineración de lixo), caída que ten a súa orixe nunha decisión do Gobernó Rajoy.

O certo é que, analizando as contas que se recollen no proxecto orzamentario autonómico para o próximo ano, SOGAMA, co novo canon, pasaría de ter perdas no exercicio de 2013 a ter uns beneficios no 2014 de 6.624.160€, despois de impostos.

Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social, se plantee, nos tempos

de crise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público, con afán recadatorio, toda vez que o fin da suba non é o de conseguir a simple cobertura de costos do servizo, senón tamén o de xerar uns inxustificados beneficios, beneficios que serían directamente detraídos dos xa moi empobrecidos petos dos cidadáns.

É de todos coñecido que a práctica totalidade dos concellos están a sufrir unha importante diminución dos seus ingresos, atopándose nunha situación moi delicada que lies ten obrigado a deixar de prestar ós seus vecinos algúns servizos moi necesarios. De levarse a cabo este incremento que pretende a Xunta a penuria do municipalismo galego será moitísimo maior.

A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA ñas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola solución socialmente mais inxusta: incrementar o canon, obrigando ós Concellos a subir o canon que deberán abonar os seus vecinos polo tratamento do lixo.Resulta insultante a carencia da mais mínima sensibilidade social da que da mostra a Xunta de Galicia do Partido Popular nun asunto como este. Gobernando baixo a fórmula do "ordeno e mando" da as costas ós galegos e castiga dun xeito inmisericorde os seus intereses.

Os Socialistas apostamos por afrontar esta situación dende o diálogo e o respecto institucional entre os poderes locáis, representados na FEGAMP, e o poder autonómico, e demandamos da Sociedade Galega de Medio Ambiente ter cumprido coñecemento da realidade da súa xestión económico financeira e organizativa, así como dos parámetros de eficiencia medio ambiental e ecolóxica que alcanza no tratamento dos residuos que se lie confían.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de A Guarda, propon ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.

3º. Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.

4º. Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do

2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos.

En A Guarda a 7 de novembro de 2013."

O señor Español Otero di que o Concello da Guarda é dobremente maltratado: canta máis basura se envía, menos custe ten. Di que hai que seguir animando á sociedade a que siga reciclando, haberá menos contaminación. Non entenden que se pretenda subir o canon, SOGAMA viña percibindo 13 millóns de euros anuais, que coa nova lexislación se rebaixan, e agora pretende pasar dun déficit de seis millós de euros a un beneficio de catro millóns de euros.

A señora Estévez Álvarez di que está en contra da suba do canon de SOGAMA. En relación co punto 4, pide que o Concello se faga cargo.

O señor Español Otero di que non lle vai repercutir a suba, xa está repercutida, e pagará o Concello.

O señor Lomba Alonso propón quitar un parágrafo: "*A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA ñas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola solución socialmente mais inxusta: incrementar o canon, obrigando ós Concellos a subir o canon que deberán abonar os seus vecinos polo tratamento do lixo.".* Di que eles denuncian que o Plan SOGAMA utiliza a combustión de fósiles en réxime de cooxeración, se está falseando, cando é unha incineración pura e dura. Se retiran esa parte votarán a favor.

O señor Español Otero di que o apartado resolutivo está claro, que é o que ten sentido, non cambian a moción.

A señora Iglesias Ferreira di que comparte a explicación do GMS, votarán a favor.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González , Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (catorce votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres abstencións).

- RE nº 6097 do BNG: moción de apoio á querela arxentina contra os crimes do franquismo.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

(Sae a señora Vicente Baz, 21:58 horas)

“MOCIÓN DE APOIO Á QUERELA ARXENTINA CONTRA OS CRIMES DO FRANQUISMO

Exposición de motivos:

En xullo de 1936 a sublevación militar encabezada por Francisco Franco, derrocou o goberno lexítimo da República e instaurou un réxime totalitario baseado na persecución e aniquilación física dos defensores e defensoras da liberdade, da xustiza social e dos dereitos das persoas.

Este réxime ditatorial foi mantido polo exército, a oligarquía e a Igrexa católica durante os seguintes corenta anos mediante a feroz represión de calquera oposición, utilizando para iso medios que poden ser cualificados de xenocidio contra o seu propio pobo.

Mais trinta e cinco anos despois, unha xuíza arxentina, María Servini, leva adiante unha causa contra o franquismo e os seus protagonistas vivos, por delitos de xenocidio e lesa humanidade, delitos que nin prescriben nin poden ser amnistiados por ningún tipo de "lei de punto final". Aínda sendo tramitada desde instancias internacionais, esta querela comeza a romper o muro de impunidade do franquismo, contra o que tantas persoas e organizacións sociais vimos combatendo. Resulta, por tanto, un feito de importancia transcendental na loita pola xustiza, a verdade e a reparación dos danos causados aos centos de miles de vítimas do franquismo.

A Lei de Amnistía promulgada polo Estado español non pode impedir a apertura dunha causa contra o franquismo, máxime cando foi a propia ONU, a través da oficina en Xenebra da Alta Comisionada para os Dereitos Humanos, quen en febreiro do ano pasado emitiu unha nota pedindo ao Estado español a derrogación da *Lei de amnistía* de 1977 porque incumpre a normativa internacional en materia de dereitos humanos. E afirmou que o Estado español está obrigado, baixo a lei internacional, a investigar as graves violacións dos Dereitos Humanos, incluidas as cometidas durante o réxime de Franco, e a procesar e castigar os responsábeis se aínda estiveren vivos'. Acrecenta tamén que existe un deber cara ás vítimas, que teñen "dereito de reparación'.

Mesmo esta oficina lembrou que, conforme unha recomendación de 2009 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, o Estado español 'debe derrogar a súa lei de amnistía, posto que non está conforme coas leis internacionais de dereitos humanos". Esta recomendación foi elaborada por 18 persoas expertas da organización internacional, e toma como base o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, ratificado polo Estado español no ano 1985. Para alen disto, esta derrogación xa foi pedida polo BNG no Congreso dos Deputados no ano 2011.

Por iso, o grupo municipal do BNG fai súa a iniciativa da Rede Cidadá de Apoio á Querela Arxentina Contra os Crimes do Franquismo e proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Condenar a sublevación militar fascista dirixida por Francisco Franco, en xullo de 1936, contra o réxime republicano lexitimamente constituido no ano 1931, e o réxime ditatorial posterior que durante corenta anos reprimiu con terrorismo de Estado todo vestixio de disidencia e loita pola liberdade, a xustiza social e os dereitos das persoas, e que levou a cabo máis de 5.000 asasinatos en Galiza.

2. Condenar o papel xogado por boa parte das oligarquías agraria, industrial e financeira e a xerarquía da Igrexa católica polo seu apoio ao golpismo e ao réxime fascista que se instaurou despois.

3. Adoptar desde o goberno municipal as medidas necesarias para garantir que as persoas represaliadas pola rebelión militar de xullo de 1936, polo réxime franquista e o terrorismo de Estado, o exercicio do seguintes dereitos:

- O dereito a coñecer a verdade sobre aquel réxime, para contrarrestar os intentos de reescribir a historia que venen facendo por parte dos seus herdeiros.

- O dereito á xustiza efectiva para superar o actual estado de impunidade dos responsábeis dos crimes contra a humanidade cometidos.

- O dereito a unha reparación digna e non discriminatoria para centenares de miles de vítimas do franquismo.

- O dereito do conxunto da sociedade a que se implementen medidas de cambios sociopolíticos, xurídicos e institucionais como garantía de non repetición.

4. Apoiar e adherirse á Querela 4591-10, do Xulgado N° 1 de Bos Aires, República Arxentina, que leva adiante a maxistrada María Servini por delitos de xenocidio e lesa humanidade contra os responsábeis da conculcación dos dereitos humanos durante o franquismo.

5. Solicitar do gobernó do Estado español que cumpra a recomendación da Comisión de Dereitos Humanos da ONU e derrogue a *Lei de amnistía* de 1977 para poder xulgar os crimes do franquismo no Estado español.

6. Facer un chamamento á cidadanía a apoiar a querela contra os crimes do franquismo, como persoas querelantes directamente represaliadas durante o réxime franquista, como parentes das represaliadas ou ben manifestando a súa denuncia da ditadura franquista e a súa adhesión á querela contra os seus crimes e os seus protagonistas."

(Regresa a señora Vicente Baz, 22:00 horas).

A señora Estévez Álvarez di que apoian o dereito a una reparación digna e non discriminatoria para as víctimas do franquismo, pero, cren que é entrar nun campo xurídico no que non deben intervir.

A señora Iglesias Ferreira di que dende o PP censuran calquera tipo réxime totalitario e están con todas as víctimas, tanto represaliadas durante a guerra civil como na dictadura, e apunta a que este tema xa está discutido no Parlamento de Galicia .A moción do BNG pide adherirse a una querela e a derogación dunha Lei, sobre a que se pronunciou o Tribunal Supremo, e dado a transición foi vontade do pobo español, ningún xuiz nin tribunal pode cuestionar a

lexitimidade de tal proceso, e en todo caso non sería da súa competencia. Non poden aprobala,se van abster.

O señor Alcalde quere dar dous apuntes, dende a responsabilidade: no partdao 4º non saben o que supón a adhesión á querela, aínda que sí a apoian, polo que pide que desapareza a "adhesión"; e no punto 3, cambiar o texto no sentido de que "*dende o goberno municipal se solicite que se adopten as medidas necesarias para garantir que as persoas represaliadas pola rebelión militar de xullo de 1936, polo réxime franquista e o terrorismo de Estado, o exercicio do seguintes dereitos:"*

Se aceptan as enmendas e a moción quedaría redactada como segue:

"**MOCIÓN DE APOIO Á QUERELA ARXENTINA CONTRA OS CRIMES DO FRANQUISMO**

Exposición de motivos:

En xullo de 1936 a sublevación militar encabezada por Francisco Franco, derrocou o gobernó lexítimo da República e instaurou un réxime totalitario baseado na persecución e aniquilación física dos defensores e defensoras da liberdade, da xustiza social e dos dereitos das persoas.

Este réxime ditatorial foi mantido polo exército, a oligarquía e a Igrexa católica durante os seguintes corenta anos mediante a feroz represión de calquera oposición, utilizando para iso medios que poden ser cualificados de xenocidio contra o seu propio pobo.

Mais trinta e cinco anos despois, unha xuíza arxentina, María Servini, leva adiante unha causa contra o franquismo e os seus protagonistas vivos, por delitos de xenocidio e lesa humanidade, delitos que nin prescriben nin poden ser amnistiados por ningún tipo de "lei de punto final". Aínda sendo tramitada desde instancias internacionais, esta querela comeza a romper o muro de impunidade do franquismo, contra o que tantas persoas e organizacións sociais vimos combatendo. Resulta, por tanto, un feito de importancia transcendental na loita pola xustiza, a verdade e a reparación dos danos causados aos centos de miles de vítimas do franquismo.

A Lei de Amnistía promulgada polo Estado español non pode impedir a apertura dunha causa contra o franquismo, máxime cando foi a propia ONU, a través da oficina en Xenebra da Alta Comisionada para os Dereitos Humanos, quen en febreiro do ano pasado emitiu unha nota pedindo ao Estado español a derrogación da *Lei de amnistía* de 1977 porque incumpre a normativa internacional en materia de dereitos humanos. E afirmou que o Estado español está obrigado, baixo a lei internacional, a investigar as graves violacións dos Dereitos Humanos, incluidas as cometidas durante o réxime de Franco, e a procesar e castigar os responsábeis se aínda estiveren vivos'. Acrecenta tamén que existe un deber cara ás vítimas, que teñen "dereito de reparación'.

Mesmo esta oficina lembrou que, conforme unha recomendación de 2009 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, o Estado español 'debe derrogar a súa lei de amnistía, posto que non está conforme coas leis internacionais de dereitos humanos". Esta recomendación foi elaborada por 18 persoas expertas da organización internacional, e toma como base o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, ratificado polo Estado español no ano 1985. Para alen disto, esta derrogación xa foi pedida polo BNG no Congreso dos Deputados no ano 2011.

Por iso, o grupo municipal do BNG fai súa a iniciativa da Rede Cidadá de Apoio á Querela Arxentina Contra os Crimes do Franquismo e proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Condenar a sublevación militar fascista dirixida por Francisco Franco, en xullo de 1936, contra o réxime republicano lexitimamente constituido no ano 1931, e o réxime ditatorial posterior que durante corenta anos reprimiu con terrorismo de Estado todo vestixio de disidencia e loita pola liberdade, a xustiza social e os dereitos das persoas, e que levou a cabo máis de 5.000 asasinatos en Galiza.

2. Condenar o papel xogado por boa parte das oligarquías agraria, industrial e financeira e a xerarquía da Igrexa católica polo seu apoio ao golpismo e ao réxime fascista que se instaurou despois.

3. Que dende o goberno municipal se solicite que se adopten as medidas necesarias para garantir que as persoas represaliadas pola rebelión militar de xullo de 1936, polo réxime franquista e o terrorismo de Estado, o exercicio do seguintes dereitos:

- O dereito a coñecer a verdade sobre aquel réxime, para contrarrestar os intentos de reescribir a historia que venen facendo por parte dos seus herdeiros.

- O dereito á xustiza efectiva para superar o actual estado de impunidade dos responsábeis dos crimes contra a humanidade cometidos.

- O dereito a unha reparación digna e non discriminatoria para centenares de miles de vítimas do franquismo.

- O dereito do conxunto da sociedade a que se implementen medidas de cambios sociopolíticos, xurídicos e institucionais como garantía de non repetición.

4. Apoiar á Querela 4591-10, do Xulgado N° 1 de Bos Aires, República Arxentina, que leva adiante a maxistrada María Servini por delitos de xenocidio e lesa humanidade contra os responsábeis da conculcación dos dereitos humanos durante o franquismo.

5. Solicitar do gobernó do Estado español que cumpra a recomendación da Comisión de Dereitos Humanos da ONU e derrogue a *Lei de amnistía* de 1977 para poder xulgar os crimes do franquismo no Estado español.

6. Facer un chamamento á cidadanía a apoiar a querela contra os crimes do franquismo, como persoas querelantes directamente represaliadas durante o réxime franquista, como parentes das represaliadas ou ben manifestando a súa denuncia da ditadura franquista e a súa adhesión á querela contra os seus crimes e os seus protagonistas."

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso e García Díaz (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores e Estévez Álvarez (sete abstencións).

- RE nº 6098 do BNG: moción para paralizar a venda de NovagaliciaBanco.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN PARA PARALIZAR A VENDA DE NOVAGALICIA BANCO

1-Exposición de motivos:

A importancia estratéxica para a Galiza da permanencia de Novagalicia Banco como Banco Galego Independente non se pode poner en dúbida ao se tratar dunha ferramenta fundamental para a subsistencia na Galiza do aforro dos galegos e das galegas, a fin de que sexa destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país.

Esta permanencia está ameazada polo anuncio do FROB de vender a entidade antes de rematar o ano a través dunha poxa, unha ameaza que afecta a Galiza mentres o gobernó do Estado español respecta a permanencia de Bankia, entidade que se negan a vender por considérala unha entidade sistémica para España.

Mais para a Galiza, Novagalicia Banco, tamén é sistémica por centralizar o aforro de miles de galegos e galegas, constituir un patrimonio económico fundamental para o desenvolvemento da nosa economía como pobo, prestar servizos na práctica totalidade dos concellos galegos e posuír un patrimonio cultural e de infraestruturas de vital importancia para Galiza.

A anunciada venda significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes, pois despois de destinaren máis de 9.000 millóns de euros de recursos públicos para o seu saneamento, a venda en réxime de poxa só permitiría recuperar unha parte moi pequeña do diñeiro público investido.

A todo isto hai que sumar a eliminación de oficinas bancarias que afectaría gravemente aos núcleos que se atopan fóra das grandes poboacións e que acotío sofren a redución de servizos de que gozaban por viviren en vilas e aldeas do rural, privados de servizos e incrementando a súa dependencia con custosos desprazamentos e perdas de tempo a outros núcleos urbanos, vilas ou cidades, resultando o acicate definitivo para abandonar o rural ao quedar desprovistos dun servizo recibido desde hai moito tempo.

Do mesmo xeito, de producirse unha venda a entidades estatais, como se aposta dende o FROB, a desaparición de empregos e vinculación territorial sería total, o que suporía un

enorme número de despedímentos, xunto cunha desvinculación total das necesidades económicas galegas.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a:

1. **Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.**

2. **Demandar do Congreso dos Diputados aprobar as reformas legáis necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara o futuro e con capacidade de decisión propia.**

3. **Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.**

Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego"

O señor Lomba Alonso sinala que quere facer un engadido á moción:

"Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirintes de participación preferentes das extintas Caixas de Aforro poidan recuperar inmediatamente e íntegramente a totalidade dos seus aforros"

Continua o señor Lomba Alonso e di que é vergoñoso que poida estar alguén deste país a favor de malvender unha entidade que naceu dos municipios, e que sofriu unha mala xestión do PP, e ó Estado Galiza non lle importa. Se trata de entidades fundamentais que crearon país, é un auténtico despropósito, NGB nos da de comer, e ten presos os cartos de moita xente, que entendeu que a mellor forma de xestionalos era traelos a esta terra, polo que pide apoio á moción.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que están a favor do que di a moción, van apoiala, cunha salvedade, pois se se fai, o banco tendría que devolver o diñeiro público e habería un proceso de recapitalización, e manifesta o seu apoio ás persoas que están aquí.

A señora Magallanes Álvarez di que a venda supón a desaparición do sistema financieiro galego.

O señor Lomba Alonso quere que se lle aclare en que se basea o PP para dicir que hai que devolver eses activos.

A señora Iglesias Ferreira di que os fondos europeos obrigan a unas condicións, ese diñeiro ten que devolverse, eles apoian a moción, pero a día de hoxe hai unas regras de xogo.

O señor Lomba Alonso di que se constata que dependemos de decisións que se toman en Europa, Bankia tamén foi rescatada, e hai entidades que tamén teñen a obriga de repoñer cartos, aquí se roubou moito, o Estado español ten que facer o esforzo para que non se vaian os cartos.

A señora Iglesias Ferreira di que o goberno do PP da Xunta de Galicia loitou pola entidade galega, en contraposición co que fixo o PSdG e o BNG apoiando ó Banco de España.

O señor Lomba Alonso di que iso é una mentira, contestando a señora Iglesias Ferreira que foi así.

A moción quedaría redactada como segue:

"RE nº 6098 do BNG: moción para paralizar a venda de NovagaliciaBanco.

"MOCIÓN PARA PARALIZAR A VENDA DE NOVAGALICIA BANCO

1-Exposición de motivos:

A importancia estratéxica para a Galiza da permanencia de Novagalicia Banco como Banco Galego Independente non se pode poner en dúbida ao se tratar dunha ferramenta fundamental para a subsistencia na Galiza do aforro dos galegos e das galegas, a fin de que sexa destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país.

Esta permanencia está ameazada polo anuncio do FROB de vender a entidade antes de rematar o ano a través dunha poxa, unha ameaza que afecta a Galiza mentres o gobernó do Estado español respecta a permanencia de Bankia, entidade que se negan a vender por considérala unha entidade sistémica para España.

Mais para a Galiza, Novagalicia Banco, tamén é sistémica por centralizar o aforro de miles de galegos e galegas, constituir un patrimonio económico fundamental para o desenvolvemento da nosa economía como pobo, prestar servizos na práctica totalidade dos concellos galegos e posuír un patrimonio cultural e de infraestruturas de vital importancia para Galiza.

A anunciada venda significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes, pois despois de destinaren máis de 9.000 millóns de euros de recursos públicos para o seu saneamento, a venda en réxime de poxa só permitiría recuperar unha parte moi pequeña do diñeiro público investido.

A todo isto hai que sumar a eliminación de oficinas bancarias que afectaría gravemente aos núcleos que se atopan fóra das grandes poboacións e que acotío sofren a redución de servizos de que gozaban por viviren en vilas e aldeas do rural, privados de servizos e incrementando a súa dependencia con custosos desprazamentos e perdas de tempo a outros núcleos urbanos,

vilas ou cidades, resultando o acicate definitivo para abandonar o rural ao quedar desprovistos dun servizo recibido desde hai moito tempo.

Do mesmo xeito, de producirse unha venda a entidades estatais, como se aposta dende o FROB, a desaparición de empregos e vinculación territorial sería total, o que suporía un enorme número de despedímentos, xunto cunha desvinculación total das necesidades económicas galegas.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.

2. Demandar do Congreso dos Diputados aprobar as reformas legáis necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara o futuro e con capacidade de decisión propia.

3. Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.

Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirintes de participación preferentes das extintas Caixas de Aforro poidan recuperar inmediatamente e íntegramente a totalidade dos seus aforros"

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:**VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González , Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

- RE nº 6162 do BNG: moción contra a suba do canon de SOGAMA.

O señor Xan Lois Lomba da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA

1-Exposición de motivos:

A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor ñas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do estabelecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impon recortes ñas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Gobernó do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademáis, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transpórtalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dése plano demostran seren falsas as afirmacións -do Gobernó galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademáis de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademáis, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas ñas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA.

En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alen de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU poderla suponer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Compre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. **Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.**

2. **Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e eos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.**

3. **Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construir un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcáis de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados."**

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que están a favor dos dous primeiros puntos, pero non saben a repercusión do terceiro, aínda que non van poner impedimentos.

O señor Español Otero, na liña do PP, está de acordó cos dous primeiros puntos, pero no terceiro non teñen tan definido que esta solución sexa a máis axeitada, polo que se non o

retiran, se absterán. Di que coñecen alguna experiencia e o custe por habitante é alto, debería estudiarse e tra-los resultados, ver o que se debe facer.

O señor Lomba Alonso di que non comprende esa postura, antes se vanagloriaban do aforro na reciclaxe, eles queren iso para todo o país, o primeiro interese é dar o servizo, e hai una cuestión medioambiental que é una cuestión ampl, aberta, non pechada. Di que o modelo actual fracasou, se está enterrando o lixo, e non entende o motivo, pois o punto é moi amplo, o camino é a reciclaxe, e non cambiarán a moción.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González , Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (catorce abstencións).

- RE nº 6185 do BNG: moción para esixir Á Xunta de Galiza unha partida económica nos orzamentos de 2014 para atender o servizo de axuda no fogar (SAF) en todos os Concellos de menos de 20.000 habitantes.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

Exposición de motivos:

Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentáis.

Paralelamente, mentres estes casos ian en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, venen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís...), que esta afectando a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política, temólo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que estabelece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que está a supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes.

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluidos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o

persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís ...) ñas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos socias, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que 293 concellos foron excluidos da axuda do gobernó galego para o servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado o servizo que se lies viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural.

A prestación deste servizo básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moí reducidos mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.

A situación é cada vez máis grave e o Gobernó da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por iso, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

a)Exixir do Gobernó da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

b)Dar traslado deste acordó ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego."

A señora García Díaz di que o Concello da Guarda é afectado por esta medida.

A señora Estévez Álvarez di que apoian a moción.

A señora Iglesias Ferreira di que non a apoian.

O señor Español Otero di que votarán a favor.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis votos en contra).

- RE nº 6270 de Converxencia Galega: ordenanza para a inspección técnica de edificios.
A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"**ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (I.T.E.)**

Cada pouco tempo, e agora que escomenza o invernó máis, na nosa localidade atopamos rúas pechadas ou con vallas namentras se toman medidas de urxencia pola caída de voadizos, tellas e nalgúns casos o virse abaixo ou ameazar perigo diversas vivendas, moitas délas abandonadas, pero outras ainda con inquilinos dentro.

Ata o de agora, se teñen acometido pequeños arranxos, ou tomado a "postura da avestruz" metendo a cabeza baixo térra, ordenando que se tapien as entradas, mentres segué a caída da construcción, nalgún casos dañando a vivenda colindante, pero seguindo poñendo en risco as persoas e vehículos que transitan pola zona.

Diante desta problemática, dende **CONVERXENCIA GALEGA**, consideramos que é preciso, tomar unha serie de medidas: por unha banda, darlle continuidade as denuncias e expediente de ruina que están paralizados no Concello dende fai varios anos, dado que a situación cada vez é máis perigosa nalgúns puntos da nosa localidade, donde é preciso que se proceda a inspeccionar a estructura dalgunhas construccións antes de que sexa tarde e haxa que lamentar os sucesos ou a perda irreparable dalgún edificio emblemático.

Pola outra banda, poner en marcha unha Ordenanza que regule o procedemento das revisións da seguridade das vivendas, sinalando as melloras e reparacións que deberán levarse a cabo a fin de garantir a seguridade de inquilinos, transeúntes e vehículos.

Por tódolo exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

O Concello de A Guarda, elaborará unha ***Ordenanza para a Inspección Técnica de Edificios (I.T.E.)*** por medio da cal se poida coñecer a seguridade estructural das vivendas que teñen máis de trinta (30) anos.

A Guarda, a 12 de Novembro do 2.013"

O señor Alcalde pide que a moción quede sobre a mesa, pois podería precisar de tres informes: técnico, xurídico e económico. Ademáis, estas revisións poden xerar custes para os propietarios, hai una normativa estatal e autonómica, falan de edificacións de máis de trinta anos, pero non sabe ben se é así.

O señor Español Otero di que el se informou, e lle pregunta á voceira de Converxencia Galega que é una ITE, contestando a señora Estévez Álvarez que é una Inspección Técnica de Edificios, e que hai outros Concellos que teñen esta Ordenanza, como o de Vigo.

O señor Español Otero di que no Baixo Miño ningún Concello a ten, respondendo a señora Estévez Álvarez que poderían ser os primeiros.

O señor Español Otero di que a teñen Vigo, Coruña, Lugo e Cangas, é obrigatorio tela, de acordó coa LOUGA, pero ademáis dos informes, conleva que a inspección a teñen que facer os propietarios, primeiro se fai a inspección e despois de aplica a Ordenanza. Se ofrecen a convocar una Comisión de Urbanismo para falar deste tema, pois pode ter un custe importante para os veciños, e haberá que analizalo, ten tanta importancia que é merecedora de tratala.

A señora Estévez Álvarez di que a deixa sobre a mesa con ese compromiso, contestando o señor Español Otero que adquire o compromiso de convocala e falar.

Intervén o señor Fontenla Martínez e di que non é que a Ordenanza requira informes, senón que pode conlevar perxuicios para os veciños , pois se trata dunha obriga que xenera un problema, polo que debe aclararse.

A moción queda sobre a mesa, co compromiso de convocar unha Comisión de Urbanismo.

(Saen os señores Español Otero, Rodríguez Amenedo e Rodríguez González, 21:40 horas).

- RE nº 6329 do BNG: moción contra a impunidade da marea negra do " Prestige" e a prol da transferencia de compentencias marítimas á Xunta de Galiza.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN CONTRA A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO "PRESTIGE" E A PROL DA TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALIZA

O sinistro do buque petroleiro 'Prestige' ñas costas da Galiza o 13 de novembro de 2002 mostrou daquela o problema da seguranza do tráfico marítimo que circula polo corredor de Fisterra e ameaza as costas galegas, e, desgrazamente hoxe, coa sentenza ditada polo xulgado a total ¡mpunídade dos autores da marea negra e dos responsábeis políticos no gobernó do PP no Estado e os seus cómplices na Xunta.

A pesar de o litoral de Galiza ser o máis afectado do mundo pola contaminación derivada de accidentes marítimos destas características, pois nos últimos 43 anos houbo catro buques que provocaron importantes vertidos de hidrocarburos ao mar (Polycommander, Urquiola, Aegean Sea, Prestige), aos que se He deben sumar outros sinistros en que tamén houbo unha importante contaminación marina polo vertidos de produtos altamente contaminantes (Erkowitz, Cason), son as autoridades xudiciais as que permiten, despois de 11 anos, a pervivencía desta situación de risco e a ¡mpunídade manífesta dos responsábeis.

A senteza do 'Prestige' permite que o Estado continúe controlando os dispositivos de transporte de mercadorías perigosas por mar ñas costas galegas, impedindo que Galiza poida facelo en porto e en tránsito, e tamén que os medios de salvamento e prevención de catástrofes ambientáis despregados ñas nosas costas non sexan suficientes e adecuados para encarar situacíóns de risco ou combater a ameaza da contaminación.

Así hoxe, con esta sentenza, non só se premia o feito da marea negra senón que os seus responsábeis quedan impunes, e ademáis vale para apoiar a falta de vontade para transferir as competencias en tráfico marítimo e prevención de accidentes no mar á Xunta de Galiza,

animando a actitude compracente dos gobernos español e galego do PP, que non actúan ñas instancias que ocupan para protexer os intereses dos galegos e galegas vinculadas directamente á actividade pesqueira no mar e que constitúe unha fonte de riqueza de moitas comarcas costeiras de Galiza.

Por todo iso, solicítase do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Lamentar a sentenza ditada pola marea negra provocada polo Prestige que permite a impunidade dos seus responsábeis, tanto políticos como materiais.

2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do estado español a transferencia das competencias para o control e inspección dos barcos que recalan nos portos galegos e dos que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas, ademáis da competencia inherente ao salvamento marítimo e loita contra a contaminación marina nas costas de Galiza.

3. Apoiar as mobilizacións en contra da impunidade dos responsábeis da marea negra do Prestige e en demanda da transferencia de competencias á Galiza nesta materia.

4. Enviar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do gobernó do Estado e grupos do Parlamento galego."

(Regresan os señores Español Otero, Rodríguez Amenedo e Rodríguez González, 21:42 horas).

O señor Lomba Alonso di que cando saiu a sentencia moitos dos que recolleron chapapote dicían que parecía que alí non pasara nada.Parécelle indecente, hoxe seguen dependendo de chamar a Madrid se hai un problema nas nosas costas.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que lamentan a sentencia, pois permite a impunidade dos responsables, e o único que atopan no acordo é o punto segundo, pois parece algo sinxelo pero é complicado, as competencias son estatais e o sinala a Constitución Española e non o Estatuto de Autonomía de Galicia. No eido da loita contra a contaminación, os convenios se asinan polos estados. O resto de cuestión as comparten.

O señor Español Otero di que votarán a favor. No tema das transferencias entenden ó BNG, pero teñen dúbidas se o goberno da Xunta sería máis efectivo para xestionar unha catástrofe.

O señor Lomba Alonso di que os de fora non van vir a axudarmos se non o facemos nos mesmos, e se acontece outra catástrofe as xentes de fora non nos farían ningún caso.Di que o BNG sempre aspira a obter a mayoría das competencias transferidas pois terían mellor destino.

O señor Español Otero di que non sabe en qué mans se quedaría, se co goberno actual da Xunta o co de Madrid.

Sometida a votación a **proposta**, foi aprobada por **UNANIMIDADE**: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

- RE nº 6361 do GMS: moción sobre conmemoración do día contra a violencia de xénero".

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE de A Guarda en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa á **"CONMEMORACIÓN DO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"**, con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita contra a violencia de xénero non entende de recortes. A loita contra a violencia de xénero supon un dos obxectivos que todo Gobernó debe ter como prioritario e fundamental á hora de deseñar as súas políticas, e así o fixo o Partido Socialista, impulsando leis e políticas activas en prol da igualdade e contra todo tipo de discriminación. Porque a erradicación desta violencia, tanto física como sicolóxica, rematará cunha das máis duras e graves lacras da sociedade actual: a da violencia que exerce o home sobre a muller e, en moitos casos, sobre as e os seus fillos. Unha discriminación que na súa máxima expresión violenta chega a provocar a morte da muller a mans da súa parella ou ex parella.

Os datos están ai. Nos últimos dez anos, 700 mulleres teñen perdido a súa vida vítimas da violencia de xénero. Unha cifra escalofriante que debe facernos reflexionar e abundar sobre as políticas que se están desenvolvendo.

Pero o que debería ser unha máxima para as administracións, semella que non o é para o Partido Popular, que está a aplicar os mesmos duros e dramáticos recortes que no resto de partidas, a maioría no eido social, sanitario e educativo, á loita contra a violencia de xénero. De feito, a redución do orzamento da Delegación do Goberno da Violencia de Xénero ten superado o 28% dende a chegada do PP ao Goberno do Estado. Malia que todos os indicadores -número de denuncias e índice de retirada das mesmas, así como número de asasinatos sen denuncia, no que vai de ano máis dun 80%- chaman á alarma, o certo é que a resposta do Partido Popular son máis de 8,5 millóns de euros menos que en 2011.

Estes recortes afectan, entre outras partidas, ás axudas ás comunidades autónomas, que teñen visto reducir os seus recursos dende 2011 nun 24,47%. Pola súa banda, a Xunta de Galicia, lonxe de suplir estas drásticas decisións estatais, vén de presentar unha proposta de Orzamentos para 2014 que aplica o maior recorte en Igualdade dende o ano 2009, pasando do 0,5% do total de 2009 ao 0,12% previsto para o vindeiro exercicio.

Un capítulo que merece especial mención polo seu impacto na loita contra a violencia de xénero é o da prevención. Activar e desenvolver políticas dirixidas a evitar este tipo de violencia, sobre todo naqueles ámbitos nos que existe unha maior vulnerabilidade como a mocidade -os datos falan dun alarmante incremento da violencia ñas etapas da adolescencia e da etapa universitaria- ou o entorno rural, debe converterse nun obxectivo prioritario á hora de poner freo a uns datos que non invitan precisamente ao optimismo. E, todo iso, despois de que se aprobara unha reforma educativa, a chamada LOMCE, que prevé a eliminación da materia de Educación para a Cidadanía, unha das pezas clave para a prevención e para a educación de valores como o da igualdade e o do respecto na etapa do ensino.

Lonxe de reforzar estes extremos, o Partido Popular está a rachar coas políticas preventivas en violencia de xénero. Así, mentres as actuacións para a prevención integral neste eido impulsadas polo Gobernó central baixaron un 1,54% con respecto a 2013 e un 28% dende a chegada de Mariano Rajoy, no caso de Galicia as cifras son demoledoras e falan por sé mesmas. Por unha banda, porque prácticamente suprimen a partida para a dinamización da igualdade no eido local (promoción da igualdade e prevención da violencia), pasando de 501.141 a únicamente 150.000 euros) e, ademáis, porque eliminaron a partida de 200.000 euros para a loita contra a violencia no ámbito universitario.

A prevención e, xunto con isto, as accións impulsadas polas administracións locáis -as que primeiro actúan nos casos de violencia de xénero e, polo tanto, adquiren un papel determinante- a través dos Centros de Información á Muller (CIM), están a ser anuladas por parte dos Gobernos do PP. Un Gobernó que ten previsto continuar con esta usurpación de competencias e recursos aos Concellos coa aplicación da Reforma da Administración Local, que rematará definitivamente coas políticas de muller, atención ás vítimas de violencia de xénero e prevención emanadas dos municipios.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de A Guarda, propon ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1º. Demandar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia que muden os seus Orzamentos para 2014 e amosen un compromiso claro coas políticas relacionadas coa loita contra a violencia de xénero, mantendo e, no seu caso, incrementando as partidas relativas a potenciar a igualdade e a loitar contra esta auténtica lacra da nosa sociedade.

2º. Esixir ao Gobernó do Estado e á Xunta de Galicia que manteñan e incluso potencien as actuacións de prevención da violencia de xénero, nomeadamente naqueles eidos, como son o da adolescencia e mocidade ou no entorno rural, no que a muller está a sentirse máis vulnerable ante as diferentes manifestacións do machismo.

3º. Reclamar ao Gobernó do Estado que modifique a Reforma da Administración Local e devolva as competencias e, cando así proceda, os recursos económicos necesarios, ás administracións locáis para que poidan desenvolver as súas accións de prevención, loita e atención ás vítimas de violencia de xénero, garantindo a permanencia dos Centros de Información á Muller, entre outros.

4º. Demandar ao Ministerio de Educación que non suprima a materia de Educación para a Cidadanía como ferramenta fundamental á hora de educar aos nosos fillos e filias nos valores

da igualdade e o respecto. Potenciar as actividades en prol da igualdade nos centros de ensino e achegar as partidas necesarias para o seu desenvolvemento nos ciclos educativos de Primaria, ESO e Bacharelato.

5º. Deseñar e realizar no concello de A Guarda accións de prevención naqueles ámbitos nos que se teña detectado unha maior vulnerabilidade. Desenvolver programas de igualdade e de prevención da violencia ñas dependencias municipais, a través de actividades de formación e participación de mulleres e homes, así como de nenos e nenas.

A Guarda, 20 de novembro 2013"

A señora Magallanes Álvarez di que todo isto debe facerse os 365 días do ano, pero está ben que un día se manifeste este apoio, e para demandar que a Lei de Racionalización do Réxime Local non suprima as competencias locais neste tema,, sobre todo no noso Concello, que conta co CIM e leva a cabo moitas actividades para lotar contra esta lacra.

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor.

A señora García Díaz di que votarán a favor, pero quere saber se o punto quinto é unha autocrítica, contestando a señora Magallanes Álvarez que se trata dun impulso, non hai que baixar a guarda e traballar todos os días.

A señora García Díaz reitera que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que manteñen a súa postura.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, e Fernández Ozores (seis abstencións).

- RE nº 6418 de Converxencia Galega: respaldo á Real Academia Galega na súa reivindicación financieira.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

RESPALDO A REAL ACADEMIA GALEGA ÑAS SÚA REIVINDICACIÓN FINANCEIRA

Nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2.013, a Real Academia Galega (R.A.G.), viu mermados a súa axuda financieira do Ministerio de Educación y Cultura na metade do que viña sendo asignado. Igoal situación atoparon as súas respectivas de Euzkadi e Catalunya (Instituí d'Estudis Catalans, a Academia de la Lengua Vasca e a Sociedad de Estudios Vascos).

Nestes momentos, o Ministerio ven de recortar un 20% para o séu funcionamento cara o ano 2.014, que pasa de 341.000 a 273.000€

Neste ritmo de recortes, as actividades da R.A.G. moitas délas levadas a cabo máis pola vontade dos séus membros que pola axuda que reciben e que está influindo maioritariamente no persoal o séu servizo que en moitos casos se reduce e tamén nos traballos a realizar pola falla de finanzamento.

As entidades nomeadas, van a dar comenzó a unha serie de accións na capital do estado a fin de facer coñecer a realidade da situación que están soufrindo no séu día a día, xa que a cultura é quen está pagando os pratos rotos da crise, e sendo asfixiadas económicamente as que teñen a responsabilidade de manter e potenciar as lingoas cooficiales.

Por todo o exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:

O Concello de A Guarda, ven a solicitar do Goberno da Xunta de Galicia para que interveña diante do Goberno do Estado a fin de que como mínimo se manteñan as axudas financieiras da R.A.G. e das demais entidades responsables do cuidado, protección e potenciamento das lingoas cooficiales do Reino de España.

A Guarda, a 18 de Novembro do 2.013”

O señor Lomba Alonso di que esta iniciativa se presentou polo BNG no Parlamento español, e di que ademáis do recorte, a RAG é a que menos percibe das tres entidades, é unha medida máis do Partido Popular. Apoiarán a moción.

A señora Iglesias Ferreira di que descoñecen as aportacións, se van abster.

O señor Lomba Baz di que votarán a favor, non apoian os recortes e a maneira de facelos, é desafortunado e lles afecta ós galegos. Di que o goberno da Xunta debería esixirlle ó goberno central que non se reduzan os orzamentos, se trata da nosa cultura e dalle pena a protección do inglés renunciando á nosa cultura. Votarán a favor, aínda que podría ser máis ambiciosa.

O señor Lomba Alonso di que lle sorprende a intervención da voceira do PP, é un retrato do seu interese pola lingua, pensa que é vergoñosa, políticamente, a súa intervención, pois a súa obriga debera ser coñecela.

A señora Iglesias Ferreira di que descoñece as aportacións da Xunta nestes momentos, nin a partida, se están tramitando os orzamentos do 2014, non os coñece e non sabe nin a reducción, non van a votar en contra, pero descoñecen eses datos.

O señor Lomba Alonso da lectura da moción, di que os orzamentos están presentados, deber coñecer este tema.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

Neste momento se produce unha interrupción por parte dunha persoa do público, que fala en nome dos afectados polas participacións preferentes, e solicitan da Corporación que se vote unha moción por vía de urxencia para apoiar ós afectados polas preferentes e polas sancións derivadas desta situación.

O señor Alcalde sinala que xurídicamente non é posible, debera facela súa algún grupo y presentala por urxencia, contestando a persoa do público que xa o fixeron noutros Plenos, como o de Salvaterra.

O señor Alcalde di que non ten inconveniente en que se dea lectura da moción, se así o aceptan os grupos, e despois convocar un Pleno extraordinario para tratala, pasando a expoñer a persoa do público casos e exemplos e pedindo o apoio da Corporación.

Sendo as 23:15 horas, se interrompe a sesión para a deliberación por parte dos voceiros dos grupos municipais.

Sendo as 23:25 horas se reaunda a sesión, e o señor Alcalde da lectura ó texto consensuado polos grupos:

"A instancia da Plataforma de afectados polas preferentes e subordinadas do Baixo Miño o Pleno do concello de A Guarda adopta o seguinte acordo:

1.- A corporación da Guarda condena a represión sufrida pol@ preferentist@s do Baixo Miño.
2.- A corporación da Guarda solicita a retirada das sancións impostas a tod@s os afectad@s.
3.- A corporación da Guarda solicita que se paralice a venda de NovaGalicia Banco ata que se devolvan tódolos aforros @s galeg@s estafad@s."

Sometida a votación a **urxencia da moción**, foi aprobada por **UNANIMIDADE**: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

Sometida a votación a **moción**, foi aprobada por **UNANIMIDADE**: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO 8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA:

A señora Estévez Álvarez di que pasará as preguntas por escrito, e pide que se lles contestane antes do Pleno seguinte, contestando o señor Alcalde que procurarán acurtar o prazo.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:

O señor Lomba Alonso fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Di que se falou do orzamento do 2014, e pregunta polo do 2013.

A señora Magallanes Álvarez di que se fixo un traballo para o 2013, e dada a altura do ano se está confeccionando o do 2014, e se dan os pasos, a semana próxima reunirá ós grupos.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP:

A señora Iglesias Ferreira fai o seguinte rogos:

1.- Diríxese ó concelleiro de tráfico e pide que sexa modificada a sinalización vertical fronte ó Banco Pastor, onde se cambio por un paso de peón elevado.

O señor Fontenla Martínez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta polo cambio en Santo Domingo de Guzmán, despois de catro anos sen facer nada, agora coincidindo coa apertura do Castelo de Santa Cruz, pregunta se será continuado ou puntual, e sobre a zona de acceso ós garaxes.

O señor Español Otero contesta que se vai cambiar, non só o acceso, coincidiu coa apertura do Castelo e con que hoxe hai quince persoas traballando.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo á vintetrés horas e trinta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre

ANEXO: RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO POR CONVERXENCIA GALEGA (RE 111, 9 XANEIRO DE 2014).

1. Ante la próxima obra de remodelación de la C/Concepción Arenal y plaza de Avelino Vicente.

a. ¿Existe un plan de reordenación del tráfico mientras dure el periodo de obras?
b. ¿Donde se ubicara la parada de autobuses?
c. Una vez finalizadas las obras, ¿Hay un plan de reordenación del tráfico?
d. Si hay dichos planes ¿Copia de los mismos?

Non nos consta a proximidade do inicio de obras na rúa Concepción Arenal.

2. Dada la nueva rotonda de conexión entre el vial de alta capacidad de Tui-A Guarda, en la zona de la gasolinera de San Roque.
a. ¿Hay algún estudio de reordenación de acceso a la gasolinera?
b. ¿Hay algún plan de segundad de tráfico, para asegurar la zona de estacionamiento del supermercado DÍA?

Esta pregunta deberían facerlla ós responsables da Consellería competente da Xunta de Galicia.

3. ¿Cuánto asciende el presupuesto de la obra de mejora de la C/ La Ca!. entre la C/Canal y el cruce con Circunvalación, en la zona de los teares? **A 60.000 euros**
a. ¿A cargo de que partida del presupuesto se hace esta obra? **2013/0/453/61902/01**
b. ¿Cuál es su plazo de ejecución? **59 días**
c. ¿Cuál es la empresa adjudicataria? **Hidromiño**

4. La empresa constructora COVSA que realiza las obras en la C/Lugo; el dia 27 de noviembre del 2013 hizo una intervención en la C/Republica Dominicana, a la altura del n° 48, consistente en poner unos tubos de canalización de aguas pluviales en la vía pública, a ambos lados de la calle.
a. ¿Quién dio orden de hacer esa otra en la C/ República Dominicana?
b. ¿A cargo de que partida presupuestaria fue?
c. ¿Qué cantidad se va a pagar?

Non nos consta ninguna instalación reciente na rúa República Dominicana.

5. ¿Qué presupuesto se gasto este año en la campaña de navidad para animación de las calles con música, iluminación, megafonía y actos?

O orzamento en iluminación ascendeu a 5.886,55 euros.

¿Existe algún tipo de apoio por parte de los comerciantes?

Non existiu apoio económico por parte dos comerciantes na iluminación.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre